

**Resolución do 13 de xuño do 2024, da Dirección Xeral da Corporación RTVG, pola que se modifica, en execución de sentenza, a Resolución do 29 de decembro do 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías do persoal da Corporación (Anuncio DOG nº 248 do 30 de decembro).**

Con data 2 de marzo do 2022, o Xulgado do Social nº5 da Coruña ditou sentenza no procedemento nº 172/2021, seguido a instancia de María Beatriz Couce Martínez contra a Corporación RTVG, desestimando na súa integridade a demanda interposta de recoñecemento do dereito a ser declarada persoal fixo.

A sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en data 11 de marzo do 2024, mediante sentenza ditada en suplicación declara, estimando a petición principal do recurso, que María Beatriz Couce Martínez ten unha relación laboral fixa coa CRTVG dende o 30 de xuño do 2012 . Esta sentenza é firme.

A demandante ocupa unha praza da categoría de operador/a montador/a de vídeo, código de praza 52T42.

A Resolución de convocatoria do proceso excepcional de estabilización que se cita na cabeceira incluía como praza afectada pola convocatoria, no seu anexo I relativo aos códigos de prazas afectados, o 52T42 da categoría de operador/a montador/a de vídeo, que ocupa a interesada.

A resolución de convocatoria establece na súa base I.1.2. o seguinte: *“En virtude do disposto no apartado 5 do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, como resultado deste proceso non poderá derivarse en ningún caso un incremento do gasto nin de efectivos e só se poden ofertar prazas de natureza estrutural que estean desempeñadas por persoal con vinculación temporal. Como consecuencia, a adquisición de firmeza dunha sentenza executable, que declare a relación laboral fixa dunha persoa que ocupe unha praza incluída no Anexo I destas bases, implicará a inmediata retirada do proceso selectivo da praza afectada. Consonte co anterior diminuírase o número de prazas na categoría correspondente para cumprir co establecido no mencionado artigo 5.2.”*

Por todo o que antecede, en virtude do establecido nas resolucións xudiciais que se citan a Dirección Xeral da Corporación RTVG RESOLVE:

**PRIMEIRO.-** Modificar a Resolución do 29 de decembro do 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso como persoal laboral fixo en diversas categorías do persoal da Corporación, no seguinte sentido:

-Retirar do anexo I o código de praza 52T42 na categoría de operador/a montador/a de vídeo.

- Modificar o anexo II, relativo ao número de prazas e titulacións, de xeito que a categoría de operador/a montador/a de vídeo pasará a contar cun total de 29 prazas, sendo o total de prazas convocadas 253.

**SEGUNDO.-** Esta Resolución pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral da CRTVG no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación na páxina web corporativa, consonte á Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugna-la directamente ante a xurisdición social consonte ao establecido na Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.

San Marcos, 24 de xuño do 2024

O Director Xeral da Corporación RTVG

  
 CORPORAÇÃO  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA  
Dirección Xeral

Alfonso Sánchez Izquierdo